

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE ABRIL DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a Casa Cornide sita na cidade da Coruña.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a excepcionar os beneficiarios da presentación de garantías reais nas operacións que se aproben ao abeiro da Resolución pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes) e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrència non competitiva; e á subscrición do dito convenio por un importe total de sete millóns novecentos vinte mil euros (7.920.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón do Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Asociación Galega do Hidróxeno, para o impulso e promoción da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega para lle dar cobertura económica a aquelas asistencia letradas realizadas en virtude de requirimento xudicial, cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia xurídica gratuíta, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e mais o Consello da Avogacía Galega, para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas de violencia sexual no marco do pacto de estado contra a violencia de xénero, por importe de cento cincuenta e nove mil oitocentos sesenta euros (159.860,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia (RAEG) na zona sur da ATM de Ferrol", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción "Mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas PO-548 e PO-192.
- Acordo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Begonte para a execución da obra: "Ampliación da rede de saneamento no camiño de Saavedra do barrio do Marco, na parroquia de Carral. Begonte (Lugo)", por importe de douscentos noventa e seis mil cincocentos cincuenta euros con dous céntimos (296.550,02 €), financiado ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UC do programa operativo Feder Galicia 2014.2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se aproba o II Plan galego de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos desde a rede viaria de alta capacidade.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas sociais de carácter extraordinario destinadas a complementar o bono social térmico, no exercicio 2022. Importe total: once millóns cento sesenta e catro mil douscentos euros (11.164.200,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2023.

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre novas materias optativas na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.
- Informe sobre a Enquisa de diagnose da convivencia escolar 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN E XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL DE GALICIA PARA COMPLETAR O SEU AUTOGOBERNO SOBRE A COSTA E REFORZAR A SEGURIDADE XURÍDICA

- Destaca que o Goberno autonómico aposta por unha regulación “adaptada á realidade galega” e unha ordenación do litoral “realista, razoable e eficaz”
- Subliña que o obxectivo é acadar o “pleno equilibrio” entre a protección da natureza e a continuidade da actividade socioeconómica que se desenvolve de forma sostible nesta parte do territorio
- A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asegura que se busca o “máximo consenso” para unha lei que aspira a converter este mesmo ano a Galicia na primeira comunidade en regular o seu litoral en toda a súa extensión
- A Xunta culmina así a tramitación da futura norma, impulsada en setembro do ano pasado e cuxa elaboración contou cunha ampla participación pública e coas achegas dalgúns dos expertos máis cualificados en materia de litoral
- Grazas ás alegacións e achegas recibidas na fase de información pública e durante as reunións mantidas nos últimos meses cos principais sectores e axentes afectados fixéronse modificacións ou melloras en ao redor do 60% do articulado
- Un dos cambios máis relevantes é a incorporación do concepto de xestión integrada ao propio nome da norma, en liña co enfoque predominante actualmente a nivel europeo e que avoga por tomar en consideración non só a protección física da costa senón a do conxunto de actividades e accións que se desenvolven na mesma
- A comezos de maio remitirase á Cámara galega o proxecto lexislativo e tendo en conta a transcendencia que ten para Galicia a materia regulada, o obxectivo será buscar o maior consenso posible durante a súa tramitación parlamentaria

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, unha norma impulsada en setembro do ano 2022 co fin de que a comunidade acade o autogoberno pleno sobre a franxa costeira e garantir o equilibrio entre a preservación dos valores, paisaxes e ecosistemas desta zona e a realidade socioeconómica que caracteriza a esta parte do territorio.

Rueda lembrou que Galicia “é a comunidade con máis quilómetros de costa”, o que fai que teña un “modelo produtivo moi ligado ao mar”. Por iso, subliñou que a Xunta aposta por unha regulación de costas “adaptada á realidade galega” e unha ordenación do litoral “realista, razoable e eficaz”.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta liña, o presidente resaltou que o obxectivo principal é “acadar o pleno equilibrio entre a protección da natureza e a actividade socioeconómica que leva moito tempo arraigada ao noso litoral e que pode seguir medrando dun modo sostible”.

O Goberno galego culmina deste xeito a súa tramitación da futura normativa, que nos últimos meses se someteu ao procedemento de información pública e audiencia cunha ampla participación por parte dos distintos axentes e colectivos vencellados ao litoral, ademais de recibir numerosas achegas no marco das consultas realizadas a algúns dos expertos máis cualificados nesta materia a nivel galego, nacional e europeo.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, destacou que baixo o amparo das súas competencias, a Xunta leva décadas regulando o seu litoral e desenvolvendo instrumentos de ordenación do territorio cunha incidencia directa e notable sobre a franxa costeira. O obxectivo agora é dar un paso máis e abordar a regulación do litoral e dos usos que se desenvolven nel de forma integrada e por parte de quen mellor o coñece. “Con esta lei avanzamos para acadar o pleno autogoberno na xestión da costa”, indicou Vázquez, quen subliñou que a normativa ten dous obxectivos fundamentais: “regular a franxa litoral e dar seguridade xurídica ás instalacións presentes nesta zona”.

Con este fin, o proxecto legislativo aborda a xestión das actividades humanas no litoral para garantir un aproveitamento sostible dos seus recursos e o bo estado dos ecosistemas costeiros desde unha tripla perspectiva: ambiental, social e económica.

Zonificación con tres áreas diferenciadas

Entre as principais novidades e tendo en conta que na costa galega conflúen espazos moi diferentes, como praias, zonas naturais protexidas ou solos urbanizados, o texto fai unha zonificación con tres áreas diferenciadas, segundo a seu estado de conservación, fixando para cada unha delas unha serie de obxectivos e usos distintos e específicos.

A área de protección ambiental (APA) correspóndese cunha extensa zona que conserva características naturais e valores singulares que deben ser especialmente protexidos de calquera proceso. A ela pertencen os espazos naturais protexidos e os espazos mariños do litoral, ademais daqueles bens do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) que conforman a ribeira do mar e das rías, polo que a prioridade será preservar a paisaxe e os ecosistemas, poñer en valor os elementos patrimoniais existentes, promover a súa adaptación ao cambio climático e preservalos de desenvolvementos urbanísticos.

A chamada área de mellora ambiental e paisaxística (AMA) refírese a zonas que sen chegar a reunir as condicións antes sinaladas, conservan valores naturais e se manteñen maioritariamente nun bo estado de conservación polo que requiren accións de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

protección, recuperación e renaturalización. Nesta área estarían, por exemplo, os terreos de solo rústico de protección de costas comprendidos na zona de servidume e na zona periférica de protección dos espazos naturais protexidos ou o resto do solo rústico, con edificacións vinculadas a usos e explotacións de carácter tradicional.

En canto á terceira zona, a área de reordenación (ARA), abrangue aqueles espazos litorais urbanizados e que se viron transformados pola acción humana nos que a prioridade será a súa humanización e renovación a través, por exemplo, de intervencións ordenadas que incidan na mellora dos espazos públicos, das zonas verdes e dos equipamentos dotacionais, da rehabilitación de edificios en desuso, ou doutro tipo de accións que dinamicen económica e socialmente o litoral. Nesta área estarían os terreos de dominio público portuario e a zona de servidume de protección de 20 metros.

Concreción de usos e actuacións estratéxicas

Con respecto aos usos e ás posibilidades de asentamento permitidos no litoral, a lei regula como actividades permisibles, no caso do dominio público, os establecementos da cadea mar-industria; as actividades que presten servizos vinculados á interacción porto-ciudad; as dotacións públicas esenciais para o abastecemento e o saneamento e depuración das augas residuais; as infraestruturas enerxéticas de electricidade e gas que subministren ás actividades situadas no DPMT; as instalacións de xeración eléctrica que teñan que ocupar o mar e as súas instalacións complementarias; as actividades e instalacións de servizo público que, pola configuración física do tramo de costa en que resulte necesario o seu emprazamento, non poidan situarse nos terreos lindeiros.

En canto á zona de servidume de costas e co fin de evitar problemas de interpretación xa detectados, tamén se concretan as obras permitidas nestes terreos por non poder ter outra localización ou porque prestan servizos necesarios ao dominio público.

En todo caso, a principal novidade que introduce o proxecto neste sentido consiste na identificación dos usos particulares que poñen en valor e mesmo representan unha fonte de riqueza e cohesión social para a costa galega co fin de que se poidan desenvolver de forma sostible, respectuosa coa contorna e con seguridade xurídica.

En concreto, na lei defínense como usos estratéxicos os establecementos da cadea mar-industria; a creación ou ampliación de sendas litorais; a creación dunha rede de establecementos de turismo litoral para manter, recuperar ou mellorar inmobles preexistentes de especial valor histórico ou arquitectónico; a dignificación do patrimonio cultural litoral; os proxectos para a sostibilidade económica e social do sector marítimo-pesqueiro; ou as dotacións públicas esenciais para o saneamento de augas.

Demanda de plenas competencias

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta lei, Galicia tamén dá un paso adiante para asumir, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de Autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

Neste sentido, cómpre subliñar que a concesión dos títulos para a ocupación e uso do DPMT é unha das funcións executivas que ten legalmente atribuída Galicia. Por iso, o proxecto normativo sinala que o outorgamento das autorizacións nesta franxa da costa corresponderá á consellería competente en materia de ordenación do litoral no momento en que o Estado faga efectivo o traspaso a Galicia dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer esta competencia.

Deste xeito, a Xunta adiántase a este fito ao regular un procedemento simplificado no que se integrarán todos os títulos necesarios para levar a cabo unha actividade sobre o dominio público co fin de facilitar a súa tramitación. Esta regulación, en todo caso, só poderá entrar en vigor cando se materialice o referido traspaso á Comunidade.

Así mesmo, a lei regula un sistema de planificación coherente e integrado das actividades no litoral para garantir a sostibilidade. Entre outros instrumentos, prevé a elaboración dunha Estratexia de economía azul, das Directrices de ordenación do litoral ou de plans especiais de rías e de praias.

Un proceso moi participado

O proceso de elaboración da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia estivo aberto desde o principio á participación de todos os axentes, administracións e colectivos, tanto públicos como privados, con intereses e implicación directa na costa co fin de buscar un texto de consenso e moi participado. Deste xeito e partindo das consideracións e achegas recibidas na fase de consulta pública previa, redactouse o anteproxecto da lei e, o 15 de decembro, o Consello autorizou o inicio da súa tramitación, sometendo o texto a información pública e audiencia durante un mes.

De forma paralela, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda —promotora da lei— e a Consellería do Mar mantiveron tamén unha ducia de reunións con diferentes entidades e colectivos ligados ao litoral para presentarllles os puntos clave da futura regulación e recompilar as súas posibles achegas ao documento. Nestes encontros contouse, tamén, coa participación e o apoio do Observatorio do Litoral de Galicia, que colaborou directamente na redacción do anteproxecto legislativo.

Entre os expertos aos que se lles presentou o texto e os seus principios reitores hai que mencionar ao profesor francés Michel Prieur, un dos maiores especialistas europeos en dereito medioambiental e redactor do Protocolo internacional relativo á xestión integrada das zonas costeiras do Mediterráneo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cómpre subliñar tamén a xornada *Cara a unha xestión integrada do litoral: a hora de Galicia*, que reuniu o 10 de marzo na Coruña a preto de 250 persoas e contou coa participación dalgúns dos maiores expertos na materia de todo o país, como Juan José González, ex presidente do Tribunal Constitucional, ou Ángel Menéndez, catedrático de Dereito Administrativo e un dos pais da Lei de costas de 1988. Entre as principais conclusións destacou a evolución da doutrina do Constitucional sobre as competencias autonómicas no litoral e a importancia da xestión integrada da costa.

De feito, un dos cambios máis relevantes foi a incorporación ao propio nome da lei do concepto de xestión integrada da franxa costeira, un dos piares básicos da norma e que se basea na necesidade de tomar en consideración non só a protección física da costa senón a do conxunto de actividades e accións que se desenvolven na mesma, contando para elo coa participación dos distintos axentes e administracións públicas afectadas.

Neste sentido, cómpre precisar que o enfoque integrado en materia costeira é o predominante a nivel comunitario, tal e como se recolle nas recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello sobre a aplicación da xestión integrada das zonas costeiras de Europa, na Carta europea do litoral e no Protocolo internacional relativo á xestión integrada das zonas costeiras do Mediterráneo, asinado polo Estado español.

Durante toda a tramitación da lei quedou de manifesto o consenso xeralizado sobre a necesidade de dotar a Galicia dunha normativa propia nesta materia e a existencia dunha valoración maioritariamente positiva da mesma.

Grazas ás alegacións e suxestións recibidas, tanto na fase de información pública como no marco das reunións sectoriais que se mantiveron ao longo dos últimos meses —84 achegas en total—, introducíronse modificacións de maior ou menor calado e melloras no arredor do 60% do articulado.

Tras ser ratificado, esta mañá, polo Consello da Xunta, o proxecto lexislativo remitirase a comezos de maio ao Parlamento para sometelo ao seu debate e consideración. "Buscamos o máximo consenso porque esta é unha lei de todos e para todos", indicou a conselleira, quen subliñou que o Goberno galego aspira a que Galicia se poida converter este mesmo ano na primeira comunidade en regular o seu litoral en toda a súa extensión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A CASA CORNIDE NA CIDADE VELLA DA CORUÑA

- O Consello aproba o Decreto que recoñece o valor e a protección cultural deste edificio en que viviu a familia do polígrafo coruñés José Cornide
- Culmínase o proceso iniciado en 2021 polo que se incoou este procedemento co aval dos informes do Consello da Cultura Galega, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de declaración como ben de interese cultural (BIC) da Casa Cornide, na Coruña, o que supón o recoñecemento do valor cultural e a protección e salvagarda deste edificio que, como se extrae dos informes, reúne valores históricos e arquitectónicos e tense en conta o seu carácter residencial dunha das máis destacadas personalidades do Século das Luces en Galicia, o polígrafo coruñés José Andrés Cornide Folgueira e Saavedra.

Coa aprobación do Decreto culmínase en tempo e forma o proceso iniciado en maio de 2021, tras a solicitude do Concello da Coruña. Incoouse entón este procedemento tras solicitar o parecer dos órganos asesores e consultivos: o Consello da Cultura Galega, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes. Todos eles amosáronse favorables ao recoñecemento do valor cultural sobranceiro da Casa Cornide.

A declaración BIC aprobada hoxe supón a protección integral de todo o edificio situado na rúa Damas número 25 da cidade da Coruña cunha ocupación de 277 m² de superficie. O Decreto considera este inmovible como un monumento que sobresaia arquitectonicamente pola súa singularidade ao fusionar certo carácter militar definido pola robustez do seu aspecto pétreo, os seus elementos barrocos propios e o seu carácter cosmopolita da arquitectura da primeira Ilustración.

Un exemplo moi escaso da arquitectura da Ilustración

Valórase tamén que se sitúe nun lugar privilexiado dentro do contexto urbano da Cidade Vella da Coruña, preferente e de gran significación. Ao mesmo tempo, tense en conta esta posición predominante que se acentúa pola súa proximidade a outros edificios de carácter representativo: o vello edificio das Casas Consistoriais, o Palacio da Audiencia, a praza do convento das Bárbaras, a igrexa conventual de Santo Domingo e o antigo palacio dos marqueses de Montaos.

Considérase, ademais, un exemplo moi escaso da arquitectura residencial deseñada e construída na época da Ilustración en Galicia, cunha gran calidade construtiva e de deseño e un grado moi alto de integridade nas súas estruturas e formalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Casa Cornide é un edificio nobre de estilo tardobarroco, cosmopolita e francés, sen apenas precedentes en Galicia en que viviu José Cornide en varios períodos, como herdeiro da propiedade onde dedicou un inxente e prolífico labor investigador, ata a súa marcha a Madrid en 1789 para dedicarse de pleno á Real Academia da Historia. Desde entón, ao longo de 250 anos de historia, pasou por sucesivos posuidores ata Pedro Barrié de la Maza e Carmen Polo.

Na orixe, a casa foi concibida como mansión señorial e representativa. Ao longo dos seus máis de dous séculos e medio de historia, a edificación foi obxecto de diferentes usos, entre os que destacan usos públicos e culturais, se ben no último medio século, a casa retomou a función residencial. Nos informes e ditames dos órganos consultivos destácase a incorporación aos diferentes usos públicos, en especial o uso como centro cultural e cine durante a primeira metade do século XX, como relevantes para a consideración e apreciación das comunidades locais da súa importancia e interese.

Réxime de protección

Esta declaración permite recoñecer o valor cultural, protexer un patrimonio especial e garantir o seu legado aos galegos do futuro. Tamén supón a aplicación do réxime de protección previsto na Lei de patrimonio cultural de Galicia que implica a súa protección e tutela coa intención de garantir os valores que aconsellan a súa conservación.

Como fixa a lei, esta declaración tamén implica que os posuidores permitan a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA O FINANCIAMENTO DE 750 PEMES E AUTÓNOMOS PARA QUE POIDAN CONSOLIDAR OS SEUS PROXECTOS EMPRESARIAIS E O EMPREGO ASOCIADO

- No marco da Axenda Financeira actívase unha nova convocatoria das bases de acceso ao crédito na procura de dar resposta ás necesidades das pequenas e medianas empresas no actual contexto económico
- Prevense apoiar operacións por 60 millóns de euros cunha liña que se instrumentará a través dun convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito
- Financiaranse investimentos produtivos e circulante estrutural, pagamentos e reestruturación de débedas e favorecerase a capacidade do tecido empresarial galego para outorgar garantías fronte a terceiros
- A modalidade de apoio poderá consistir na bonificación do tipo de xuro dos préstamos, na bonificación da comisión do aval, así como no reaval do risco asumido polas SGR

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, activa a liña para achegar financiamento ao tecido empresarial galego no actual contexto económico facilitando operacións de investimento, circulante e garantías para pemes e autónomos galegos. Para o desenvolvemento desta iniciativa conta coa colaboración das sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito, e aspírase a formalizar arredor de 750 operacións por 60 millóns de euros.

Polo tanto, no marco da Axenda Financeira, o obxectivo do acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta é promover, dun lado, o acceso a préstamos a longo prazo para financiar tanto investimentos produtivos como circulante estrutural, dando a posibilidade tamén de aplicar os fondos ao pagamento ou á reestruturación de débedas con entidades financeiras; e, por outra parte, favorecer a capacidade das pemes para outorgar garantías fronte a terceiros.

Esta liña instrumentase a través dun convenio de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito. A modalidade de apoio poderá consistir na bonificación do tipo de xuro dos préstamos, na bonificación da comisión do aval, e no reaval do risco asumido polas SGR que faciliten o acceso ao crédito.

A concesión das axudas, que estarán dispoñibles proximamente e poderán solicitarse ata o 29 de setembro, será por concorrência non competitiva, deste xeito son subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nas bases

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reguladoras ata o esgotamento do crédito. Deste xeito, axilízase a execución desta liña de financiamento para pequenas e medianas empresas e autónomos que teñen o seu domicilio social e desenvolven a súa actividade económica en Galicia.

Esta liña enmárcase na Axenda Financeira de Galicia impulsada pola Xunta, dentro da cal se inclúen tamén a liña de préstamos directos para investimentos estratéxicos ou para infraestruturas de centros tecnolóxicos, que este ano contan como principal novidade o financiamento das empresas no actual contexto de incremento xeneralizado do custo das materias primas e da enerxía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A FIRMA DUN CONVENIO COA ASOCIACIÓN GALEGA DO HIDRÓXENO PARA IMPULSAR O SECTOR E APOIAR UNHA OFICINA TÉCNICA QUE AFIANCE GALICIA COMO REFERENTE INTERNACIONAL

- Este acordo supón un investimento por parte do Goberno galego de preto de 150.000 euros para a realización de actividades de promoción nacional e internacional
- Lévese a cabo no marco da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, un pacto de colaboración público-privada sen precedentes impulsado en decembro de 2022
- Forman parte desta Alianza liderada pola Xunta de Galicia un total de asociacións e clústeres que representan os intereses de máis de 700 empresas, compañías tractoras, as tres universidades públicas galegas, centros tecnolóxicos, a mesa de diálogo social e as autoridades portuarias da Coruña, Ferrol e Vigo

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, a sinatura dun convenio coa Asociación Galega do Hidróxeno que ten como obxectivo o impulso e promoción da Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde para converter Galicia nunha das rexións europeas líderes na xeración desta enerxía.

Deste xeito, as dúas entidades colaborarán na consecución de obxectivos compartidos como o deseño e posta en marcha de ferramentas e instrumentos de apoio específicos para o desenvolvemento do sector industrial do hidróxeno como vector enerxético necesario para a descarbonización da economía; a identificación e mapeo de oportunidades en toda a cadea de valor -para coñecer as capacidades industriais de Galicia-; a promoción da formación especializada en empresas; o fomento da investigación e o desenvolvemento de solucións innovadoras para a industria en torno a esta enerxía; e o impulso do establecemento da infraestrutura necesaria para a execución do corredor atlántico do hidróxeno, no marco do REPowerUE.

Financiado con 150.000 euros pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, entre as actividades previstas no marco do convenio destacan tamén a posta en marcha dunha oficina técnica de apoio aos comités executivos que se constitúan no marco da Alianza; a asistencia a xornadas e reunións internacionais, a realización de estudos lexislativos e regulatorios, e o impulso de formación especializada.

A Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde é un pacto de colaboración público-privada sen precedentes, asinado o pasado mes de decembro e que, liderado pola Xunta de Galicia, xa reúne 10 asociacións e clústeres que representan os intereses

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 700 empresas, así como compañías tractoras, centros de coñecemento -as tres universidades públicas galegas e centros tecnolóxicos-, a mesa de diálogo social e as autoridades portuarias da Coruña, Ferrol e Vigo.

Este convenio permitirá seguir potenciando o I+D+i enerxético de Galicia, impulsar proxectos onde se reduzan as emisións de CO₂, propiciar un marco regulatorio e a participación de pemes e empresas na fabricación de todo tipo de compoñentes ligados á cadea de valor do hidróxeno.

En definitiva, a Xunta de Galicia e a Asociación Galega do Hidróxeno coinciden na importancia de contribuír á reactivación e creación de emprego no territorio, ao desenvolvemento industrial da Comunidade e no uso das enerxías renovables e redución da pegada de carbono.

Galicia xa acadou o 4 de abril un importante fito co Pacto pola enerxía asinado con Enagás, que se comprometeu a desenvolver as actuacións necesarias para impulsar as infraestruturas de transporte que permitan o despregamento do hidróxeno e os gases renovables, en particular a conexión do hidroduto Guitiriz (Lugo) – Zamora durante a primeira fase da rede que unirá a Península Ibérica co resto de Europa evitando así que Galicia quedase illada deste proxecto estratéxico no futuro deste vector enerxético.

A Comunidade está desenvolvendo, ademais, iniciativas industriais concretas en toda a cadea de valor do hidróxeno renovable o que suporá que Galicia poida avanzar na transición enerxética marcada por Europa como un dos principais retos a curto, medio e longo prazo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA E A ATENCIÓN PROFESIONAL A VÍTIMAS DA VIOLENCIA SEXUAL EN COLABORACIÓN CO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de ambos os convenios de colaboración que suman un investimento de case 360.000 euros
- A través dos respectivos acordos garántase tanto a cobertura económica das asistencias letradas por requirimento xudicial nun procedemento penal como a atención especializada ás vítimas de delitos sexuais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración co Consello da Avogacía Galega destinados por unha banda a compensar os custos da asistencia xurídica gratuíta por requirimento xudicial e, por outra, ao desenvolvemento de accións de protección profesional a vítimas de violencia sexual. O Goberno galego inviste preto de 360.000 euros en ambas as medidas.

Así, coa autorización do acordo entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Consello da Avogacía Galega o Goberno galego destinará 200.000 euros a compensar economicamente os letrados designados en virtude de requirimento xudicial cando non exista un recoñecemento expreso do dereito de asistencia gratuíta.

O obxectivo é a cobertura económica das asistencias letradas realizadas por profesionais da avogacía en Galicia por requirimento xudicial nun procedemento penal cando as persoas físicas ou xurídicas defendidas reúnan certos requisitos, como ter denegado o dereito de asistencia xurídica gratuíta por diferentes causas, como defectos de forma na solicitude, ou por carecer de recursos ou de patrimonio, entre outros.

A iniciativa parte da premisa de que o ordenamento xurídico vixente recolle un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídica. Ademais, a Comunidade Autónoma de Galicia ten transferidas as funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración da xustiza, incluíndo as relativas ás indemnizacións das actuacións correspondentes aos avogados da quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia.

Atención especializada en violencia sexual

Por outra banda, o acordo entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de violencia sexual no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero conta este ano cun orzamento de 159.860 euros.

Con esta contía quérese compensar a atención xurídica a cada vítima e os gastos de xestión e tramitación das asistencias realizadas polos colexios de avogados, publicidade e difusión e formación específica dos letrados e letradas en materia de asistencia ás vítimas de delitos sexuais.

A través deste acordo, a vítima, con independencia de que conte ou non con recursos para litigar, sempre disporá dun profesional especializado en delitos contra a liberdade sexual que a asista en relación coa denuncia e prestando asesoramento xurídico e acompañamento necesario na práctica das primeiras dilixencias ás mulleres vítimas de violencia sexual. Esta asistencia estará dispoñible todos os días do ano as 24 horas

Pola súa banda, o Consello de Avogacía garantirá a formación específica en materia de asistencia a vítimas de violencia sexual aos avogados e avogadas que se encarguen da asistencia destes casos.

Ambos os acordos manterán a súa vixencia ata final de ano, dándolle continuidade á colaboración que manteñen desde hai anos a Xunta e o Consello da Avogacía Galega para garantir a mellor asistencia no eido xudicial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 69 PARADAS DE AUTOBÚS NOS CONCELLOS DE ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA CUN INVESTIMENTO DE 2,5 M€

- As intervencións, que se levarán a cabo en 8 estradas autonómicas das rutas da zona sur de Ferrol, consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade, información en braille, no incremento da visibilidade e iluminación
- Nos vindeiros meses realizarase a xestión das expropiacións, para licitar as obras a finais de 2023 e comezar a execución dos traballos na primavera de 2024
- Actuarase en 4 paradas en Ares; 16 en Fene; 17 en Mugardos e 32 en Neda
- Como resultado da información pública, modifícase o deseño ou a situación inicialmente proposta nun total de 7 paradas para adaptalas mellor á contorna
- A Xunta tamén aprobou hoxe o trámite de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estas actuacións

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 69 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas dos concellos de Ares, Fene, Mugardos e Neda, que suporán un investimento autonómico de 2,5 M€.

O Executivo autonómico tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nun total de oito estradas autonómicas (AC-115, AC-121, AC-122, AC-123, AC-125, AC-130, AC-133 e AC-862).

A aprobación definitiva deste proxecto inclúe, tamén, a declaración de utilidade pública das intervencións no ámbito das rutas da zona sur de Ferrol, pola que se dispón a urxente ocupación dos 79 predios necesarios para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 3.345,41 m².

En concreto, con este proxecto para actuar no ámbito das rutas da zona sur de Ferrol, melloraránse 4 paradas en Ares; 16 en Fene; 17 en Mugardos e 32 en Neda.

A Xunta prevé convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no verán, para licitar as obras a finais de 2023 e comezar a execución na primavera de 2024.

As actuacións proxectadas suporán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas. Tamén se prevé a instalación de novas marquesiñas, ademais de actuacións complementarias de drenaxe, condución de servizos ou colocación de varandas para protexer aos usuarios aí onde poida haber desniveis.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No eido destas intervencións, en primeiro lugar, priorízase a localización óptima destas infraestruturas, en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos en que a pendente da estrada é menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

Os traballos que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, procedendo á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

Ademais, as intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Como resultado da información pública, no proxecto que definitivamente se aproba hoxe adoptáronse varios cambios co obxectivo prioritario de mellorar a funcionalidade e diminuír a afección, en especial, a accesos e a prazas de aparcadoiro.

Baixo estas premisas, modificouse o deseño ou a situación inicialmente proposta nun total de 7 paradas para adaptalas mellor á contorna e o co obxectivo prioritario de mellorar a funcionalidade e diminuír a afección.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús que a Xunta ten en marcha nas estradas autonómicas para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia. O investimento total previsto é de arredor de 35 M€.


Os proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–Next Generation EU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Plano de situación das paradas:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Infografía exemplo das actuacións de mellora que se van acometer nas paradas:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DA NOVA SENDA PEONIL ENTRE BAMIO E CARRIL, EN VILAGARCÍA DE AROUSA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 335.000 EUROS

- Autorízanse as expropiacións para actuar na intersección das estradas autonómicas PO-548 e PO-192, para favorecer a seguridade e mobilidade peonil entre estes dous núcleos do municipio e a conexión co cemiterio municipal situado na proximidade
- Executarase un itinerario alternativo e segregado do tráfico rodado, que sorteará o cruce do Salgueiral creando una nova senda
- Disporase un acceso ao cemiterio, que se sitúa á marxe contraria da beirarrúa, cun paso de peóns regulado cun semáforo e unha pasarela de baixada ao cemiterio
- A previsión é convocar os actos expropiatorios neste verán para, a continuación, iniciar os trámites que permitan licitar e executar as obras

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de construción do novo itinerario de uso peonil entre Bamio e Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación de mellora da mobilidade peonil na intersección das estradas autonómicas PO-548 e PO-192, aproximarase aos 335.000 euros, incluíndo o pagamento dos 5 predios necesarios para impulsar estas obras.

Mediante esta nova actuación, búscase resolver a configuración da intersección entre estas dúas vías autonómicas para favorecer a seguridade e mobilidade peonil entre estes núcleos do municipio arousán e a conexión co cemiterio municipal situado na proximidade.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención no municipio.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará os actos expropiatorios neste verán, para a continuación iniciar os trámites que permitan licitar e executar as obras. A actuación ten un prazo de execución de 5 meses.

Trátase de habilitar un itinerario alternativo máis seguro e segregado do tráfico rodado. Na actualidade os veciños que se desprazan a pé entre Bamio e Carril fano pola beiravía das estradas PO-548 e PO-192, sendo necesario ademais para acceder ao cemiterio de Carril cruzar a PO-548, sen que exista na actualidade ningún cruzamento seguro acondicionado para iso. A escasa beiravía dispoñible na PO-192 e o tráfico elevado que circula pola PO- 548 implica que o percorrido resulte perigoso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A senda proposta no proxecto que se aproba posibilita a conexión a pé con seguridade entre Bamio e Carril, conectando as beirarrúas existentes nos extremos.

O percorrido aproveita un treito antigo de estrada que se acondiciona como paseo peonil, completándose a senda pola beira da PO-192 e do viario municipal da gasoleira. Deste xeito conséguese comunicar as parroquias de Bamio e Carril, dando acceso peonil ao cemiterio de Carril, considerado un foco de atracción de desprazamentos na zona. Con esta actuación, polo tanto, foméntase unha mobilidade sostible en condicións seguras.

A actuación iniciárase onde finalizan as beirarrúas do Salgueiral, cruzándose a estrada cun paso sobreelevado para non afectar un petróglifo existente na beiravía. A partir deste punto a senda discorrerá en paralelo á PO-192 e ao viario municipal que dá acceso á gasoleira. O percorrido proseguirá polo viario municipal ata alcanzar o paso inferior que salva a variante de Carril (VG-4.7).


Unha vez pasada a estrutura, crúzase a calzada mediante outro paso de peóns sobreelevado para dirixirse a un camiño que se acondiciona con formigón coloreado e ancho de 2 metros, protexéndose o desnivel cunha varanda metálica. A continuación, o percorrido discorrerá sobre a estrada antiga ata alcanzar a beirarrúa existente en Carril.

Para acceder ao cemiterio de Carril é necesario cruzar a PO-548, sen que exista na actualidade ningún cruzamento seguro para isto, polo que a intervención prevé un paso de peóns regulado mediante un semáforo con pulsador, ademais de complementar as escaleiras actuais cunha rampla executada mediante unha pasarela de madeira.

Ademais, para garantir a seguridade dos peóns no tránsito pola senda, a intervención complétase coa inclusión de iluminación pública: executarase un prisma con dous tubos de 63 mm con arquetas cada 100 m e báculos cada 25 m con altura 4 m.

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BEGONTE PARA A AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE CARRAL CUN INVESTIMENTO DE 300.000 €

- Trátase de dotar de saneamento o Camiño de Saavedra, que atravesa o lugar do Marco, de carácter maiormente residencial e en que abundan as construcións auxiliares destinadas a usos agrícolas e vinculadas ás vivendas
- A Xunta financiará integramente as obras, que prevén iniciarse en xuño para rematalas este mesmo ano, xa que contan cun prazo de execución de 3 meses
- Executarase unha rede de colectores de preto de 700 metros de lonxitude na zona localizada na marxe dereita da estrada N-VI ata a rede actual, que a conducirá á estación de tratamento de augas residuais de Carral
- Tamén se renovará a conducción de abastecemento nunha lonxitude de 495 metros, xunto con 10 acometidas domiciliarias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira co Concello de Begonte para executar a ampliación da rede de saneamento na parroquia de Carral, cun investimento autonómico que rolda os 300.000 euros.

A través desta cooperación, o Goberno galego impulsa as obras para dotar de saneamento o denominado Camiño de Saavedra, que atravesa o lugar do Marco, de carácter maiormente residencial e en que abundan as construcións auxiliares destinadas a usos agrícolas e vinculadas ás vivendas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, financiará integramente as obras, levará a cabo a contratación e execución dos traballos, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración técnico-financeira realizaranse os trámites para executar as obras, que se acometerán a través dunha encomenda á empresa pública Seaga. A previsión é iniciar as obras en xuño e entregar ao Concello as novas infraestruturas hidráulicas durante este ano. Os traballos teñen un prazo de execución de 3 meses.

As actuacións contarán co financiamento Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuacións que se executarán

Ao lugar do Marco accédese desde a estrada N-VI a través de dúas vías locais en que existe rede de abastecemento municipal. Unha das vías dispón de rede de saneamento, pero sen conexión á rede existente, pero a outra carece deste servizo.

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, desde a entidade hidráulica da Xunta acometeranse as actuacións deseñadas para dotar de saneamento o denominado Camiño de Saavedra do lugar do Marco, localizado na marxe dereita da N-VI, mediante a execución de rede de colectores ata a rede actual, que a conducirá á estación de tratamento de augas residuais de Carral.

Para iso executarase unha rede de ramais de saneamento de preto de 700 metros de lonxitude con 3 colectores que conecten as augas residuais das vivendas non conectadas na rede municipal.


Máis en detalle, executarase un colector de 535 metros ao longo do Camiño de Saavedra onde se conectarán 10 acometidas domiciliarias; o segundo colector, de case 80 metros de lonxitude desenvolverase por camiño público perpendicular, con 2 acometidas domiciliarias; e un terceiro colector, de 62 metros de lonxitude, cuxa acometida quedará preparada para a conexión dunha edificación próxima.

Na intervención, proxéctase tamén a renovación da conducción de abastecemento nunha lonxitude de 495 metros, xunto con 10 acometidas domiciliarias.

As obras incluírán a reposición da rede viaria existente afectada polas obras.

Localización da actuación proxectada pola Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O II PLAN DE CONCILIACIÓN DE GALICIA FORTALECERÁ OS RECURSOS DE APOIO ÁS FAMILIAS E FOMENTARÁ O EMPREGO DE CALIDADE NOS TRABALLOS DE COIDADADO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade que servirá como marco programático das políticas autonómicas de conciliación ata o ano 2025
- A Administración autonómica creará un repositorio de boas prácticas que poida inspirar as diferentes entidades en materia de impulso do benestar laboral
- O documento, aberto á participación de todas as consellerías, dedicará o maior esforzo investidor a consolidar e ampliar os servizos para maiores e inclúe entre as súas medidas a gratuidade das escolas infantís, xa aplicada este curso escolar

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade de Galicia, que servirá de marco programático para as políticas autonómicas que se desenvolvan ata 2025, co foco posto no fortalecemento dos recursos de apoio ás familias e na dignificación dos traballos de coidado.

O documento é resultado dun proceso de participación aberto desde a área de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a todas as consellerías e ao Consello Galego das Mulleres, no que tamén están representado o asociacionismo feminino, organizacións empresariais e sindicais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O II Plan que promove o Goberno galego no eido do benestar laboral, a conciliación e a corresponsabilidade reduce a 42 o número de medidas que quedan artelladas en torno a cinco áreas estratéxicas: sensibilización e coñecemento, coeducación, xestión corresponsable dos tempos e dos espazos, compromiso co benestar laboral e fortalecemento dos recursos de apoio ás familias no apoio á crianza e para a asunción da corresponsabilidade entre homes e mulleres nos coidados.

Cun orzamento global de máis de 1.100 millóns de euros, destaca o esforzo investidor (cerca de 950 M€) que no marco do plan se realizará para fortalecer os servizos públicos de apoio ás familias, para facilitar a conciliación e os coidados das persoas. Recolle medidas destacadas como a xa implantada gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos; axudas directas ás familias para asumir os gastos extra que implica ter crianzas; o impulso de programas e recursos de conciliación dirixidos aos núcleos con maiores necesidades de apoio á crianza; así como o fomento da implicación dos homes no ámbito dos coidados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ata 2025 a Xunta de Galicia avogará pola consolidación e ampliación do número de prazas, programas e servizos para persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, prestando especial atención ao medio rural e costeiro non urbano.

O Goberno galego referenda neste II Plan o seu compromiso coa xestión corresponsable dos tempos e dos espazos. Nesta liña promoverá a integración do enfoque de xénero na planificación urbanística e no deseño de políticas públicas. Reforzará, ademais, o uso de ferramentas dixitais para apoiar a harmonización dos tempos de homes e mulleres, así como as de promoción e apoio de medidas que favorezan a conciliación no ámbito local, educativo ou deportivo, entre outros.

Unha das novidades radicará na creación dun repositorio de boas prácticas sobre conciliación e corresponsabilidade que permita inspirar as diferentes entidades.

Dignificar o traballo de coidado

A través do novo plan, a Xunta de Galicia tamén persegue brindar recoñecemento social e profesional, por outra banda, ao sector dos coidados e dignificalo a través do fomento do emprego de calidade destes traballos en que se encadran os servizos de axuda no fogar e bolsas de coidados, entre outros. O obxectivo último consiste en acabar coa desigualdade na repartición destas tarefas, tanto de forma remunerada como non remunerada, dada a desvantaxe das mulleres para progresar na súa carreira profesional ou acceder a esferas de decisión pola desigual asunción destas tarefas no eido doméstico.

O compromiso da Xunta pasa de xeito ineludible polo fortalecemento e ampliación dos apoios á conciliación e os coidados, para lograr un novo modelo que conteña a modernización dos servizos sociais, o recoñecemento e apoio á diversidade de familias e a implicación das distintas administracións públicas. Para acadalo, o Goberno galego implicará os axentes sociais no fomento de novas formas de organización do traballo e de xestión dos recursos humanos e de condicións laborais favorables ao benestar.

Como novidade, o documento engade dous principios reitores, froito do proceso participativo de elaboración: un sobre a consideración da ruralidade e un segundo sobre discapacidade. Tamén incorpora ao seu título e contido o concepto de benestar laboral coa finalidade de consolidar accións de apoio e recoñecemento ás empresas para a implantación efectiva de medidas de conciliación, flexibilización do tempo de traballo e racionalización horaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA PON EN VALOR OS 11 M€ QUE A XUNTA DESTINARÁ AO COMPLEMENTO AUTONÓMICO DO BONO SOCIAL TÉRMICO PARA AXUDAR A 74.400 FOGARES NAS FACTURAS DA ENERXÍA

- “Trátase dun acordo importante para seguir garantindo a protección dos cidadáns máis vulnerables e que máis precisan a axuda da Administración”, defende o mandatario galego sobre este complemento para facer fronte ao aumento do prezo da enerxía no consumo para calefacción, cociña e auga quente
- As familias non teñen que facer ningún trámite e recibirán o ingreso nas súas contas de maneira automática

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou o visto e prace dado hoxe polo Consello da Xunta ao pagamento do bono social térmico e do complemento autonómico de 150 euros que axudará a 74.400 fogares galegos —44.000 deles considerados vulnerables severos— co pagamento das facturas da enerxía para calefacción, cociña e auga quente. Deste xeito, o Executivo autonómico destina 11,2 millóns de euros a este complemento.

“Trátase dun acordo importante para seguir garantindo a protección dos cidadáns máis vulnerables e que máis precisan a axuda da Administración”, argumentou o mandatario galego para defender este complemento que, segundo concretou, oscilará entre un mínimo de 412 euros e un máximo de 947 euros, en función da situación económica da familia e da e da zona climática de Galicia onde resida.

Rueda explicou que os fogares que sexan destinatarios desta axuda, que son os mesmos que teñen descontos na súa factura co bono social eléctrico do Goberno central, non teñen que facer ningún trámite e recibirán o ingreso na súa conta de xeito automático. Nos vindeiros días recibirán na súa casa unha carta que lles informará da contía que se lles transferirá e da conta bancaria en que se fará o ingreso.

Unha vez confirmados os datos por parte do beneficiario, considérase que se comecen a realizar os pagamentos progresivamente a mediados do vindeiro mes de maio. Con este complemento, a Xunta de Galicia axuda aos fogares a aliviar parte da carga que supón o incremento dos gastos enerxéticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DOS ACCESOS E DOS TERREOS DO NOVO CHUAC

- A Xunta asume integramente o importe das expropiacións, previsto en 17 M€, así como unha achega de 3,2 M€ para os accesos, asumindo o Concello o importe restante ata completar o orzamento estimado de 25,4 M€
- En total, a Administración autonómica destinará preto de 500 M€ ao novo hospital público da Coruña
- O convenio recolle os termos do acordo acadado entre a Xunta e o Concello a mediados de marzo, desbloqueado grazas ás alternativas viables propostas polo Goberno galego para que a Administración local asuma os seus compromisos
- A achega do Concello irá integramente destinada aos accesos, que pasarán a ser da súa titularidade, e non comezará a materializarse ata o vindeiro ano
- O acordo recolle un plan de pagamentos flexible para o Concello, con tres anualidades e pagamento aprazado que posibilita trasladar ao primeiro trimestre de 2024 o aboamento que lle correspondería achegar en 2023

O Consello da Xunta aprobou o acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña, para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e para a execución dos accesos desde a rede viaria de alta capacidade.

O convenio aprobado hoxe polo Executivo galego establece e concreta o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, A Axencia Galega de Infraestruturas, organismos estes dependentes da Xunta de Galicia, así como do Concello da Coruña, para levar a cabo as ditas actuacións, desenvolvendo deste xeito o convenio marco de colaboración para a execución das obras do novo CHUAC que asinaron o 1 de febreiro de 2021 a Xunta e o Concello da Coruña.

Tal e como se recolle no convenio, o custo total das actuacións ascende a 42,4 millóns, dos que 17 millóns se destinarán á adquisición dos terreos do novo hospital e accesos, e 25,4 millóns á execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Os 17 millóns estimados de adquisición dos terreos e para as obras de accesos e conexións viarias serán asumidos integramente pola Xunta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe á execución das obras de urbanización e infraestruturas para os accesos e conexións viarias ao novo CHUAC, o custo estimado é de 25,4 millóns de euros, dos que a Xunta asumirá tamén unha parte, preto de 3,2 M€, mentres que o Concello da Coruña asumirá 22,2 millóns para completar o orzamento de 25,4 M€.

A licitación, adxudicación, execución e dirección das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias serán realizadas pola Xunta de Galicia, que destinará preto de 500 M€ ás obras do novo Hospital Público da Coruña.

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta recolle os termos do acordo acadado entre Xunta e Concello na reunión celebrada a mediados de marzo, en que a Xunta puxo enriba da mesa alternativas eficaces e viables para superar os problemas que dificultaban o avance no convenio.

Deste xeito, o Concello da Coruña destinará o investimento comprometido, 22,2 millóns de euros, ao financiamento dos accesos, tendo en conta que está previsto que a súa titularidade pase a ser municipal, asumindo a Xunta as expropiacións dos terreos.

Ademais, o convenio recolle un plan de pagamentos flexible, con tres anualidades e con pagamento aprazado que posibilita ao Concello trasladar, ao primeiro trimestre de 2024, o aboamento que lle correspondería achegar en 2023, o que lle permite ao Concello salvar as dificultades orzamentarias e asumir os seus compromisos financeiros de forma flexible.

Nivel de calidade óptima da atención sanitaria

Tal e como se recolle no documento aprobado pola Xunta na súa reunión semanal, a construción dun novo recinto hospitalario na cidade herculina vai permitir dar unha mellor resposta aos problemas de saúde pública da cidadanía da comunidade, en particular á desta área sanitaria, mediante unha máis rápida atención asistencial, ao tempo que garante un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación.

O convenio establece que unha comisión de seguimento composta por un representante do Servizo Galego de Saúde, un da Axencia Galega de Infraestruturas e dous do Concello da Coruña, velará polo cumprimento deste convenio.

Cómpre remarcar que o novo CHUAC é a obra sanitaria de maior envergadura que acometerá a Xunta nesta lexislatura, e busca preparar as instalacións sanitarias para a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medicina e as necesidades dos pacientes da Área Sanitaria coruñesa nas vindeiras décadas.

Con carácter previo á obra do novo CHUAC prevista neste convenio, a Xunta comezou a executar, en xaneiro de 2021, obras dentro dos espazos actuais do hospital. Esta chamada "fase 0", supuxo un investimento de 13 millóns en obras e máis de seis en equipamentos, e xa rematou as súas primeiras actuacións: a nova unidade de hospitalización e os novos hospitais de día que se porán en marcha entre abril e maio.

As obras desta 'fase 0' prevense nos vindeiros meses coa entrada en funcionamento das novas áreas de UCI, Urxencias e Farmacia. Estas unidades estarán dotadas coa última tecnoloxía en ecografía, soporte vital e respiración mecánica.

Respecto ás obras amparadas por este novo convenio, a Xunta xa autorizou as expropiacións para executar a Torre Polivalente, que vai ser a primeira actuación da 'fase 1'. A previsión é licitar as obras no mes de xuño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLADIGA 2023 QUE INCORPORA NOVIDADES EN CANTO A PERSOAL, MEDIOS E MELLORAS TECNOLÓXICAS

- O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e prace á actualización desta planificación, que ten como principal obxectivo reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais
- Entre as novidades deste ano destaca a creación dunha unidade especializada en grandes incendios forestais, que estará apoiada por tres novas brigadas públicas helitransportadas operativas todo o ano, ademais de por case unha vintena de motobombas e máis dunha ducia de batracios
- Tamén destaca a ampliación da rede de videovixilancia forestal, a incorporación de novas melloras tecnolóxicas, a actualización das parroquias de alta actividade incendiaria e o reforzo do Plan de formación
- Os medios humanos mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas, cun operativo de máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións
- En canto aos medios materiais, o Servizo estará integrado -entre outros- por unhas 380 motobombas e unha trintena de medios aéreos, achegados tanto pola Xunta como polo Estado

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) 2023, unha vez oído o Consello Forestal, que avaliou este documento na súa xuntanza do pasado martes, día 25 de abril. O dito documento, que estará vixente ata que se aprobe unha nova actualización no vindeiro ano, ten como principal obxectivo reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais.

Así, o Pladiga 2023 mantén os catro ámbitos diferentes de planificación: prevención; detección, disuasión, investigación e medidas correctoras; extinción e formación; pero incorporando unha serie de novidades. Entre elas, cabe destacar a creación dunha unidade de directores de extinción especializada en grandes incendios forestais, tres novas brigadas públicas helitransportadas, a ampliación da rede de videovixilancia forestal, a incorporación de novas melloras tecnolóxicas, a actualización das parroquias de alta actividade incendiaria e o reforzo do Plan de formación.

Equipo especializado e novas brigadas helitransportadas públicas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco do Pladiga 2023, créase unha unidade de directores de extinción que, en lumes con elevado potencial de converterse en grande incendio forestal, poderán ser mobilizados polo Centro de Coordinación Central de Incendios, coa intención de facilitar e favorecer o correcto desenvolvemento do dispositivo. Estará formada por persoal de diferentes categorías (técnicos, axentes, bombeiros forestais, emisoristas...), que terán dependencia funcional directa da Dirección Xeral de Defensa do Monte. Deste xeito, partirase dun equipo mínimo de dous integrantes en que cando menos un deles teña facultades para erixirse en director de extinción á súa chegada ao lume. As características do incendio e a súa potencialidade serán as que determinen a composición da unidade, non habendo límite de persoal e categoría a incorporar en función das necesidades e dispoñibilidade. Para o correcto desenvolvemento do equipo, disporase ademais dos medios materiais necesarios.

Nese senso, este ano créanse tres novas brigadas públicas helitransportadas nas bases do Barco de Valdeorras, no Xurés (Muíños) e en Queimadelos (Mondariz) -con medio cento de efectivos para cubrir as diferentes quendas- e que se sumarán ás xa existentes nas bases de Marroxo (Monforte), Campiño (Pontevedra) e Vilamaior (Verín). As ditas brigadas helitransportadas serán un apoio fundamental para o desenvolvemento da unidade, coa garantía de dispoñer de medios durante todo o ano e con persoal que integrará parte do equipo, a maiores da versatilidade que ofrece dispoñer do medio aéreo como ferramenta para determinadas accións.

Doutra banda, como maior reforzo dos medios materiais que tamén servirán de apoio a esta unidade para facilitar o correcto desenvolvemento do seu traballo, prevese neste exercicio a compra de 15 motobombas e doutros 12 batracios, que consisten nun tractor con cisterna, trituradora multifunción e poldozer. Ademais, ao longo deste ano poderanse adquirir outros tres vehículos motobombas e outros dous batracios, que - neste último caso- poden ser claves tamén na extinción, máis aló dos traballos preventivos que están capacitados para desenvolver.

Vixilancia e melloras tecnolóxicas

Outra novidade do Pladiga 2023 ten que ver coa vixilancia fixa. Así, dentro desta rede incrementáanse en cinco as cámaras dispoñibles, en dúas novas localizacións, con que se acadará a cifra de 153 unidades en 76 localizacións. Estas cámaras contan cunha tecnoloxía de última xeración, especialmente deseñada para exteriores e vixilancia forestal, con zoom remoto, movemento horizontal e vertical, rotación nos 360º automática e baixo demanda, visión panorámica e altas capacidades de gravación.

No eido tecnolóxico, introdúcense melloras e novas aplicacións para facilitarlle o traballo ao dispositivo de loita contra incendios. Así, adquiriranse novos terminais de altas prestacións e amplas capacidades de procesamento, co fin de distribuír a última

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

versión de XeoCode Lite entre todos os técnicos forestais, axentes ambientais e persoal do Servizo de prevención e extinción de incendios. Cómpre sinalar que o XeoCode Lite é unha ferramenta de información e incorporación dos datos relativos ao punto de inicio e avance do lume, fotografías xeorreferenciadas, perímetro e aqueloutros datos que poidan ser de interese.

Tamén se despregará unha nova aplicación web que facilitará a xestión, supervisión e control dos lotes de maquinaria pesada e doutra maquinaria pesada contratada. Tamén se actualizan as plantillas dos portáfonos e mobilófonos Tetra, incorporando canais de intercomunicación con outros dispositivos que usan este sistema -061, policía, 112, bombeiros urbanos- nas emisoras de técnicos forestais e axentes ambientais, de cara a unha mellor coordinación durante os incendios.

Parroquias de alta actividade incendiaria e medios

En relación coas parroquias de alta actividade incendiaria, o Pladiga 2023 eleva o número de parroquias a 40, fronte ás 35 do ano pasado. Así, do total de parroquias, 26 repiten respecto á anterior campaña, 14 entran na listaxe e 10 saen dela.

Concretamente, as novas parroquias que entran son as de Ribasieira (Porto do Son), Quins (Melón), Padrenda (Padrenda), Casaio (Carballeda de Valdeorras), A Xironda (Cualedro), Chaguazoso (A Mezquita), Oímbra e A Granxa (Oímbra), Grixoa (Viana do Bolo), Vilamaior da Baullosa (Baltar), Prado de Limia (Muíños), Mourentán (Arbo), San Salvador de Budiño (O Porriño) e Saiar (Caldas de Reis). Mentres, saen da listaxe a do Pindo (Carnota), Ourense (Ourense), Paradela (Manzaneda), San Millao (Cualedro), A Esculqueira (A Mezquita), A Fraga (Lobeira), San Paio de Araúxo e Río Caldo (Lobios), Guillamil (Rairiz de Veiga) e Rebordechau (Vilar de Barrio).

En canto aos medios humanos e materiais mobilizados, estes mantéñense, en liñas xerais, en valores semellantes aos das últimas campañas. Así, o operativo estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións. Neste punto, cabe lembrar que os traballadores de nove meses pasan a ser de 12 meses desde este mesmo ano. En relación co parque de maquinaria, mantense o despregamento de preto de 380 vehículos motobomba e mobilizaranse unha trintena de 30 medios aéreos, achegados tanto pola Xunta como polo Estado, unha cantidade semellante á das últimas tempadas de alto risco.

Plans de formación e de prevención

Segue vixente o Plan de formación aprobado no 2021 para o período 2021-2024 e cuxo obxectivo principal é planificar a formación que se imparte ao persoal que forma o dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta, de forma

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que se adapte ás necesidades operativas do Servizo e vinculado ás diferentes categorías profesionais que o conforman.

O orzamento previsto para financiar o Plan de formación dirixido ao Servizo neste ano 2023 é de 700.000 euros, fronte aos 400.000 euros do ano 2022. O dito Plan consta de catro programas, dous deles dirixidos ao Servizo, o terceiro deseñado para o persoal dos concellos que participa na extinción e o cuarto para a sociedade do rural.

Así, no punto da formación para o Servizo, prevese para o ano 2023 impartir 33 cursos en 602 edicións, con aproximadamente 13.444 prazas, que supoñen un total de 443.373 horas de formación nas modalidades presencial, telemática ou mixta (case o cuádruplo das 115.000 horas do anterior Pladiga). O obxectivo é, por unha banda, reforzar a profesionalización dos efectivos contra incendios de todas as categorías existentes e, por outra, preparalos de cara á eventual acreditación das súas capacidades mediante os certificados de profesionalidade relacionados cos lumes forestais.

Ademais, sobre a actualización de coñecementos e adestramento do servizo para perfeccionar a organización e a eficiencia no traballo, vanse desenvolver diversas iniciativas relacionadas coa seguridade laboral, cos cada vez máis habituais grandes incendios e lumes de interface ou co manexo de equipamentos de traballo como os equipos de comunicación Tetra ou os novos vehículos de extinción. Este programa eminentemente práctico será de obrigado cumprimento para os efectivos e contará cunha estrutura a tres niveis: autonómico, provincial e de distrito.

No punto para os traballadores adscritos á Administración local que participan no operativo de extinción, para que poidan desenvolver as súas funcións contando coa adecuada cualificación profesional e coordinados cos medios dispoñibles a nivel autonómico. A intención é continuar coas formacións eminentemente prácticas xa impartidas nos anos 2021 e 2022, onde se impartiron 75 xornadas de sete horas de formación cada ano, centrada sobre todo en temas relacionados coa seguridade e saúde no traballo, así como coa prevención de riscos.

Por último, na liña iniciada en 2022, prevese continuar formando e concienciando á poboación das áreas rurais, para que aprendan a autoprotexerse implicándose na prevención, colaborando cos efectivos contra incendios e axudando a dar coas causas e cos causantes dos lumes. Está previsto impartir para este ano 2023, como mínimo 40 charlas dirixidas á poboación das parroquias de alta actividade incendiaria.

Así mesmo, con respecto ao Plan preventivo, a Xunta destina este ano case 38,8 millóns de euros, é dicir, máis dun 17 % de aumento de orzamento con respecto ao ano anterior. Desta forma, prevese actuar en cando menos unhas 60.000 hectáreas de terreo e nuns

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

5.600 km de pistas forestais e outras vías, ademais de en case 4.840 puntos de auga, entre creación de puntos novos e mantemento dos existentes. No que se refire ás queimas prescritas, entre abril de 2023 e marzo de 2024 está previsto executalas en máis de 2.100 hectáreas, o triplo que no mesmo período anterior.

Ademais, están previstas xa 2.790 hectáreas de execucións subsidiarias no marco do convenio de protección das aldeas -subscrito entre a Xunta, a Fegamp e Seaga- a que están adheridos 279 concellos, cifra que se agarda aumentar coas actuacións en concellos piloto. Outra novidade é un visor público ao abeiro do convenio que mostra aos cidadáns para a súa consulta e posterior limpeza as parcelas dentro das faixas (en concreto, dos concellos con plan municipal de prevención aprobado). Así mesmo, incorpórase a revisión para comprobar o nivel de xestión dos predios das franxas secundarias nos convenios de brigadas que mantén o Goberno galego cos consistorios, que ata agora se centraban en labores de roza e de extinción.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA OS CURRÍCULOS DE ESO E BACHARELATO CON TRES NOVAS MATERIAS OPTATIVAS ENFOCADAS Á MELLORA DAS COMPETENCIAS FINANCEIRAS E DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- Rueda anuncia a incorporación para o próximo curso das optativas Cultura Financeira, Intelixencia Artificial para a Sociedade e Tecnoloxías Intelixentes
- As dúas primeiras ofertaranse para a etapa de ensino secundario obrigatorio e a terceira na etapa de bacharelato
- Destaca que o obxectivo é “ir un paso por diante” e preparar aos alumnos “nas necesidades formativas do mañá”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai incorporar o vindeiro curso tres novas materias optativas enfocadas á mellora das competencias financeiras e da intelixencia artificial, que contribuirán ao reforzo dos currículos académicos do ensino secundario obrigatorio (ESO) e de bacharelato. “A nosa intención é ir un paso por diante das necesidades do futuro e preparar aos alumnos nas necesidades formativas do mañá”, indicou.

Unha vez previstos todos os trámites administrativos, a maiores do abano de materias que xa existen actualmente, tal e como explicou Rueda introdúcense as optativas “Cultura Financeira e Intelixencia Artificial para a Sociedade” na etapa de ESO e “Tecnoloxías Intelixentes” na etapa de bacharelato, que se ofertarán o próximo curso.

Cultura Financeira

A introdución desta materia no sistema educativo galego responde ás recomendacións dos estudos a nivel mundial que salientan a necesidade de iniciar a formación e alfabetización financeira xa no ensino obrigatorio, cun enfoque baseado na sustentabilidade e a xestión responsable dos recursos individuais e colectivos. “O obxectivo é que os rapaces adquiran coñecementos financeiros e promover patróns de consumo sostibles no tempo”, resaltou Rueda.

Así pois, en Galicia ofertarase Cultura Financeira como optativa para 3º curso de ESO cunha carga horaria de tres sesións lectivas semanais. Partindo do coñecemento e a comprensión dos conceptos e riscos financeiros, no currículo da materia abordarase o desenvolvemento de habilidades, motivación e confianza necesarias para tomar decisións financeiras responsables e racionais, non só enfocadas á mellora individual, senón tamén a lograr o benestar financeiro da sociedade a través do fomento de patróns de consumo sustentables no tempo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe aos contidos, a materia establécese en catro bloques temáticos: diñeiro e transaccións, planificación e orzamento, a xestión bancaria das finanzas persoais e educación ao consumidor.

Intelixencia Artificial

Esta materia, que se ofertará para 4º de ESO e tamén cunha carga lectiva de tres horas semanais, responde a un dos retos marcados na Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, que é o de perfeccionar as competencias e capacidades dixitais para acadar unha verdadeira transformación dixital.

No seu currículo introdúcense aspectos da Intelixencia Artificial para “formalos como futuros usuarios destes sistemas intelixentes”. Trátase de adquirir, a través dun enfoque transversal, habilidades e coñecementos desta disciplina para que se familiaricen con ela e desenvolvan habilidades críticas e relevantes para o seu futuro.

Nesta liña, a materia estrutúrase en catro bloque: que é a intelixencia artificial, o impacto da intelixencia artificial (en que se abordarán cuestións como a ética, a sustentabilidade e os aspectos legais), áreas da intelixencia artificial (percepción e actuación, representación e razoamento, aprendizaxe automático e interacción natural) e aplicacións de intelixencia artificial (como a robótica autónoma ou a internet das cousas).

Tecnoloxías Intelixentes

A terceira materia coa que se reforza o sistema educativo galego de cara ao vindeiro ano é Tecnoloxías Intelixentes, que se ofertará en 1º curso de bacharelato cunha carga horaria semanal de catro sesións lectivas.

Esta materia céntrase na aprendizaxe automática desde unha perspectiva de programadores de sistemas intelixentes e brinda ao alumnado uns coñecementos específicos como aprender a obter e preparar os datos para adestrar sistemas, empregar técnicas de modelado estatístico, utilizar diferentes tipos de redes neuronais, manexar librarías dixitais ou avaliar a calidade dos resultados obtidos por modelos automáticos.

Paralelamente os estudantes poderán adquirirán outras competencias transversais como pode ser a resolución de problemas, a toma de decisións nun contorno tecnolóxico ou a programación en linguaxes de programación de alto nivel.

Estruturado en catro bloques temáticos, o currículo desta materia abordará os coñecementos básicos de programación (fundamentos de programación enfocados ao uso de librarías dixitais), o axente intelixente (abrangue o estudo de áreas da intelixencia artificial como son a percepción, a actuación, a representación, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

razoamento e a aprendizaxe), e o impacto da intelixencia enfocado ao uso dos datos (consideracións éticas e aspectos legais en consonancia coas recomendacións da Unión Europea, así como cuestións de sustentabilidade).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA A IV ENQUISA SOBRE CONVIVENCIA NAS AULAS, A MAIOR EN GALICIA XA QUE ABRANGUE CEN POR CEN DOS INTEGRANTES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- A partir do vindeiro martes, día 2, tanto alumnos a partir de 5º de primaria como familias, docentes e persoal non docente terá acceso ao macrocuestionario a través dunha ferramenta informática en liña con claves privadas e intransferibles
- O obxectivo desta acción, de carácter bianual e enmarcada na Estratexia Galega de Convivencia 2025, é testar a evolución da convivencia ao longo do tempo co fin de implementar medidas específicas e axeitadas á realidade actual
- Incorpóranse por primeira vez bloques específicos de preguntas sobre igualdade, tecnoloxías da relación, a información e a comunicación, e orientación vocacional
- Tamén haberá un bloque sobre 'grooming' e 'sexting' exclusivo para o alumnado de ensino secundario e postobrigatorio

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades deu conta ante o Consello da Xunta de hoxe do lanzamento da IV edición da Enquisa de diagnose da convivencia escolar 2023, que desde o próximo martes, día 2, estará aberta ao conxunto da comunidade educativa galega.

Trátase, por tanto, da maior enquisa que existe na nosa Comunidade sobre este ámbito, xa que abrangue un colectivo de 500.000 persoas entre o alumnado a partir de 5º de primaria, familias, docentes e persoal non docente de todas as etapas (infantil, primaria, secundaria, bacharelato, FP, escolas de idiomas e conservatorios de música e centros de ensinanzas artísticas).

Este cuestionario bianual é unha das accións enmarcadas dentro da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, que dá continuidade ás realizadas en 2015, 2019 e 2021. Ten como obxectivo actualizar a radiografía da situación dos centros escolares en canto á convivencia, así como testar a evolución no tempo co fin de implementar as medidas específicas e máis axeitadas á realidade das aulas.

A partir dos datos recompilados, a Consellería elaborará un Informe de diagnose de convivencia escolar en Galicia, así como informes individualizados que entregará aos centros educativos para que poidan analizar e valorar o estado da convivencia no seu centro e establecer os plans de mellora correspondentes.

Un proceso confidencial e en liña

O macrocuestionario estará aberto para cubrir desde o próximo martes día 2 de maio ata o 22 de maio. A enquisa cóbrese a través dunha aplicación informática específica en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

liña, e son os directores dos propios centros os encargados de xerar as claves de acceso para todos os membros da súa comunidade educativa, de xeito totalmente aleatorio, garantindo así o anonimato dos participantes. Desta forma, os destinatarios poden acceder ao cuestionario -coas claves aleatorias que lle asinen- a través de calquera dispositivo electrónico (ordenadores, móbiles, tabletas...). A maiores, as familias, a través de Abalar móbil, recibirán un aviso sobre a dispoñibilidade da enquisa.

Trátase dun proceso totalmente privado e anónimo e, co fin de acadar os resultados máis obxectivos posibles, o contido das preguntas coñecerano cada un dos participantes no proceso no mesmo momento en que decide cubrir o cuestionario.

Bloques de preguntas

Para manter a súa fiabilidade, validez e consistencia interna, mantense o groso das preguntas das tres edicións anteriores, que están deseñadas en función do colectivo ao que van dirixidas. Aínda que nesta edición os cuestionarios estarán fragmentados por etapas. Isto é, para alumnado de educación primaria, para educación secundaria obrigatoria e para ensino postobrigatorio (ata o de agora tan só se diferenciaba entre ensino obrigatorio e postobrigatorio).

Non obstante, por primeira vez este ano incorpórase un bloque específico de preguntas do ámbito da igualdade, outro relacionado coas tecnoloxías da relación, a información e a comunicación, e un terceiro sobre orientación vocacional.

A maiores, exclusivo para o alumnado de ensino secundario e postobrigatorio inclúese un bloque de *grooming* e *sexting*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal